



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Auxiliar de biblioteca, pertencente a escala de administración especial, subescala servizos especiais e clase cometidos especiais, mediante o sistema de concurso-oposición, en turno libre.prazas: 1

ANUNCIO

Proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de Concurso-oposición, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Auxiliar de Biblioteca incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou Estabilización do Concello de Carballo (2022/E001/0000709).

Unha vez finalizado o concurso-oposición faise pública a proposta do nomeamento de D^a Paula María García Seoane con DNI ***91486**, quen deberá acreditar anta a Administración, dentro do prazo de vinte días hábiles desde que se publican no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Non obstante, os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

O Alcalde deberá de nomear funcionario ao aspirante proposto, no prazo de quince días hábiles a contar desde a terminación dos vinte días anteriores. O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello. Unha vez publicado o nomeamento de funcionario, este deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo dun mes.

Carballo 17 de novembro de 2023

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/9180